



día do deporte 2009

13 XUÑO

Información:
Departamento de Deportes

Teléfono 981 528 730

Correo electrónico: dptodeportes@santiagodecompostela.org

TODAS AS ACTIVIDADES SERÁN DE BALDE
Instalacións con actividades
Multiúsos Fontes do Sar
Horario: 10,00 a 14,00 h. e de 16,00 a 20,00 h.
Piscinas ao aire libre de Sar
Horario: de 10,30 a 13,30 h. e de 16,00 a 20,00 h.
Pavillón Municipal do Restollal
Horario: de 16,30 a 21,00 h.

Ven e disfruta do deporte

p r o g r a m a

LUGAR: MULTIUSOS FONTES DO SAR

actividades

HORARIO DE MAÑÁ

- **CAMPAÑA DE MINIBÁSQUET “Memorial Lorenzo de la Torre”** organizada pola Federación Santiaguesa de Baloncesto.
- **AEROBIC INFANTIL**

HORARIO DE TARDE

- **FINAIS DE COPA DE FÚTBOL SALA “Concello de Santiago”** organizadas pola Agrupación de Deportistas Veteranos.

DURANTE TODO O DÍA

- **EXPOSICIÓN DO COCHE DE RALLIE** do piloto santiagués Luis Penido.
- **XINCANA CICLISTA “Ciclismo para todos”**, organizada pola “Asociación Galega de Promoción y desarrollo del ciclista”.

Características particulares: Actividade aberta á participación de nenos e adultos. O reto consistirá en realizar un circuito de habilidade no menor tempo posible. A organización poñerá a disposición dos asistentes bicicletas para poder participar. Entre todos os participantes sortearase unha bicicleta.

■ SIMULADOR DE TIRO

Características particulares: Actividade con avanzados sistemas de simulación en 3D que permitirán competir a varios xogadores na práctica do tiro con carabina.

■ ACTIVIDADES LÚDICO-RECREATIVAS

- Deseña o teu propio cadro no taller creativo de pintura
- Demostra a túa habilidade no Human Buzzer e o Hand Buzzer
- Mellora a túa técnica de disparo con lanzamentos de precisión a unha portaría de fútbol con barreira de xogadores.
- Obradoiro de globoflexia para disfrute dos máis cativos.

■ DISFRUTA DAS LOITAS OLÍMPICAS

organizada pola Federación Galega de Loita.

Características particulares: sobre un tapiz oficial os nenos e nenas poderán coñecer dunha forma lúdica as habilidades básicas necesarias para practicar este singular deporte.

■ EXPOSICIÓN do XIII Concurso de Fotografía Deportiva.

A entrada á **zona dos ximnasios será de balde** durante todo o día.

LUGAR: PISCINAS AO AIRE LIBRE DE SAR

actividades

- **XORNADA DE PORTAS ABERTAS** para poder disfrutar do primeiro baño da tempada.

■ FESTIVAL DE WATERPOLO

Horario: de 16,00 a 19,30 horas / Organizador: Club Waterpolo Santiago

Características particulares: Actividade aberta á participación de nenos e nenas de idades entre os 8 e 12 anos, dividíndose en dúas categorías. Formaranse equipos mixtos desenvolvéndose partidos ao ancho da piscina.

Requisito imprescindible: saber nadar e asinar unha autorización do pai, nai ou titor do neno/a participante.



LUGAR: PAVILLÓN MUNICIPAL DO RESTOLLAL

actividades

- Disputarase o **IX TROFEO DE KARATE “CIDADE DE SANTIAGO”** con competición en Kata e Kumite individual nas categorías Xuvenil, Cadete e Junior. O torneo estará organizado pola A.D. Galaika e desenvolverase en horario de 17,00 a 21,00 h.